

**Resolución do 6 de marzo de 2023 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca o programa educativo “Mulleres da man de Emilia Pardo Bazán” dirixido a centros educativos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no curso 2022/23**

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, en relación co fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, establece na súa disposición adicional vixésimo quinta as actuacións que os centros educativos sostidos parcial ou totalmente con fondos públicos realizarán co fin de favorecer a igualdade de dereitos e oportunidades, así como as medidas que permitan desenvolver o principio de coeducación en todas as etapas educativas, de conformidade co disposto pola Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, estipula no seu artigo 3 que as normas sobre convivencia nos centros docentes orientáanse, entre outros fins, á educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, á igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e á igualdade de trato e non discriminación das persoas.

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, dispón que todos os membros da comunidade educativa son axentes responsables da convivencia escolar nos termos establecidos neste decreto, e velarán pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas; entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.



A Estratexia Galega de Convivencia de Convivencia Escolar “Educonvives 2025” contempla como un dos seus principios a coeducación como estilo educativo, que implica educar no respecto e na promoción dos dereitos e das liberdades fundamentais, na consecución efectiva da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes e na igualdade de trato e non discriminación as persoas en función da súa condición sexual.

O Programa educativo “Mulleres da man de Emilia Pardo Bazán” impulsado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pretende achegar ao alumnado a figura e logros de Emilia Pardo Bazán na loita pola igualdade de dereitos das mulleres.

De acordo co anteriormente exposto esta Dirección Xeral,

## RESOLVE

### **Primeiro. Obxecto**

Esta resolución ten como obxecto regular o programa “Mulleres da man de Emilia Pardo Bazán” e establecer as bases de participación no mesmo dos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades durante o curso escolar 2022/23.

### **Segundo. Obxectivo xeral**

Achegar referentes femininos ao alumnado de educación primaria a través da figura de Emilia Pardo Bazán, seguindo as súas numerosas escrita e dando a coñecer a



mulleres que foron e son referentes en diferentes eidos. Esta achega farase con ferramentas tecnolóxicas, dixitais e interactivas que mesturarán gamificación, contido audiovisual e contidos educativos.

### Terceiro. Obxectivos específicos

- Achegar ás aulas a figura de Emilia Pardo Bazán, poñendo en valor o logros que acadou ao longo da súa vida, superando os impedimentos e dificultades existentes para as mulleres da súa época.
- Levar ás aulas exemplos de mulleres de diferentes ámbitos a través de *MINERVAS* (plataforma dixital sobre contidos de mulleres) e tendo a Emilia Pardo Bazán como eixo do programa.
- Incluír as innovacións tecnolóxicas no campo da educación para a familiarización das ferramentas dixitais do alumnado das etapas de Educación Primaria.
- Ofrecer ao alumnado recursos educativos en temáticas de igualdade dun xeito lúdico e interactivo.

### Cuarto. Alumnado destinatario

Esta convocatoria vai dirixida ao alumnado de Educación Primaria dos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

### Quinto. Desenvolvemento do programa

“Emilia Pardo Bazán, A Condessa Rebelde” é unha aventura educativa a modo de xogo, con diferentes escenarios, minixogos e actividades, baseada na vida de Emilia Pardo Bazán. Está conformada a modo de viaxe desde a súa Galicia natal, presentando



momentos de superación, rebeldía e éxito na súa carreira. Nesta viaxe o alumnado descubrirá os logros de Emilia Pardo Bazán na loita pola igualdade a través dos xogos e de fragmentos da película "A Condesa Rebelde".

A aventura inclúe contido audiovisual (para que o alumnado coñeza diferentes aspectos da vida de dona Emilia a través de fragmentos da película "A Condesa Rebelde") e diferentes minixogos (de memoria, de asociación de obxectos, etc) con dous niveis de dificultade.

Esta actividade terá unha duración entre 35 e 50 minutos dependendo da idade do alumnado. Ao rematar, o profesorado terá a súa disposición máis de 20 secuencias da película, clasificadas por temáticas para poder traballar na aula a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. O alumnado disporá dun diploma coa súa puntuación ao rematar o xogo, podendo repetir se quere mellorar a súa primeira puntuación. Está adaptada para poder desenvolverse de maneira grupal ou individual.

Todos os centros participantes disporán dos códigos de activación necesarios e o profesorado rexistrado poderá dar acceso ao seu alumnado ás actividades do programa.

Tamén porase a disposición dos centros a película "A Condesa Rebelde", cualificada como apta para todos os públicos. A película enriquece de contido audiovisual á Aventura Educativa, permitindo ao alumnado achegarse dun modo completo á vida da escritora. Recoméndase dividir o visionado da película en dúas sesións de 40-45 minutos.

Asemade, darase acceso á plataforma dixital *Minervas* con información biográfica, de obra editorial, audiovisual e referencias de máis de 300 mulleres de diferentes eidos. A plataforma constitúe unha potente ferramenta de documentación e consulta para



diferentes proxectos que se desenvolvan na aula. Entregarase ao profesorado unha guía de actividades recomendadas para traballo na aula cunha selección de mulleres de interese por profesións, por época ou por materia. Se as seleccións representadas na guía non se axustan de todo ao que os diferentes docentes precisen nun momento determinado para un proxecto concreto, poñeremos ao seu dispor ao persoal da plataforma *Minervas* para contactar por correo electrónico. Deste xeito poderase ofrecer aos docentes recomendacións á carta ou indicacións sobre as mulleres coas que traballar na aula dependendo da programación.

Ao mesmo tempo facilitarase o xogo "Trivial Mulleres Galegas na Ciencia, Mulleres Galegas na Literatura e Mulleres Nobel", acompañado dunha guía para o seu desenvolvemento na aula.

### **Sexto. Proceso e prazo de solicitude**

As solicitudes enviaranse ao enderezo electrónico [asesoria.igualdade@edu.xunta.gal](mailto:asesoria.igualdade@edu.xunta.gal) co seguinte asunto: Solicitude "Mulleres da man de Emilia Pardo Bazán 2022/23".

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días naturais contados a partir da publicación desta convocatoria en <https://www.edu.xunta.gal/portal/>

### **Sétimo. Selección dos centros**

Para esta actividade non hai límite de prazas, polo que poderán participar aqueles centros que o soliciten en prazo e forma.

### **Oitavo. Resolución**

Unha vez rematado o proceso de selección, publicarase a resolución definitiva no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).



Contra esa resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

### **Décimo. Información Básica sobre protección de datos de carácter persoal**

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas, organismos e/ou entidades



que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en [https:// www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais](https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais).

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital,

Judith Fernández Novoa

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

